



Tras a reunión do comité clínico autonómico, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia vén de emitir un comunicado oficial no que se informa sobre a instauración de novas restricións relativas á xestión da crise sanitaria no Concello de Verín.

As restricións impostas a Verín (que entrarán en vigor a partir do xoves as 00:00 horas) son as mesmas que xa están en vigor noutras localidades galegas.

Novas Restricións:

- *QUEDAN PROHIBIDAS AS XUNTANZAS DE PERSOAS NON CONVIVENTES*

Manteñense as restricións en canto a:

- *Limitación dos aforos ao 50% nos establecementos comerciais, de restauración e hostalería, onde ademais estará prohibido o consumo en barra.*

- *Redución dos aforos en celebracións, velorios e lugares de culto*

Consulta todas as medidas no Diario Oficial de Galicia: <https://cutt.ly/2grUM1m>